

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Cee para a nova estación depuradora de augas residuais de Cee-Corubión (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020

1. Antecedentes

O concello de Cee ten atribuídas competencias en materia de saneamento de auga potable en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que nos seus artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2, configura o saneamento e depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da comunidade autónoma.

Neste senso, o artigo 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, sinala como competencia atribuída ás entidades locais o tratamento de augas residuais, delimitando a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia o reparto competencial neste eido, resultando competencia das entidades locais, en materia de execución de obras, as que teñan por obxecto a rede de sumidoiros (artigo 5.1 b)), redes de distribución (artigo 27.2 c)), a execución de calquera obra no eido do saneamento e/ou a depuración que non teña sido declarada de interese público por algún dos medios do artigo 28 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (artigos 27.2 a)) en relación co artigo 5.1 c)).

Ademais, en materia de prestación do servizo, atribúese competencia ás entidades locais para a prestación do servizo respecto de instalacións non comprendidas no artigo 32 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, respecto daquelas instalacións das que non se solicite a súa asunción do servizo pola Xunta de Galicia de acordo co establecido na disposición transitoria quinta, así como a prestación do servizo de saneamento (artigo 5.1.c)).

A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre estas competencias atópanse, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a)) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)), entre outras. En calquera caso, as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento (artigo 3.1 f)).

2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio de colaboración é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Cee para que o concello poña a disposición de Augas de Galicia os terreos necesarios para redactar e executar o proxecto construtivo “Nova estación depuradora de augas residuais de Cee-Corubión (A Coruña)”.

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

Dada a necesidade existente de mellorar o sistema de saneamento e Cee, Augas de Galicia realizou un estudo de alternativas con obxecto de determinar a mellor ubicación para a EDAR de



Cee e Corcubión, dentro das actuacións proxectadas para a “Mellora do sistema de saneamento nos concellos de Cee e Corcubión (A Coruña)”.

Unha vez determinado o lugar para ubicar a EDAR, Augas de Galicia prevé licitar a redacción do proxecto construtivo “Nova estación depuradora de augas residuais de Cee-Corcubión (A Coruña)”. Para a correcta execución deste contrato é necesario que o Concello de Cee poña a disposición os terreos para que a empresa adxudicataria do contrato poida realizar os traballos xeotécnicos e topográficos precisos.

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento e depuración de augas residuais terá por finalidade contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

4. Estimación de custos e financiamento

- O custo do proxecto construtivo “Nova estación depuradora de augas residuais de Cee-Corcubión (A Coruña)” ascende a 347.694,12 €. Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta financeira 219, “Outro inmovilizado inmaterial”, do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia. A achega de Augas de Galicia de anualidades futuras está condicionada á existencia de crédito nos seus correspondentes orzamentos. Os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia para financiar a cantidade máxima establecida son os seguintes:

Ano	Importe (Euros)
2021	202.821,57 €
2022	144.872,55 €

Por acordo do Consello da Xunta do 20 de novembro de 2020, aprobouse o proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021. Para os efectos da tramitación do expediente de gasto, resulta de aplicación o establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas Ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001; quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2021.



- O custo dos terreos que o Concello de Cee se compromete a adquirir é de 21.995,47 €. O Concello dispón de crédito adecuado e suficiente na súa aplicación orzamentaria 151/60000.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela
A directora de Augas de Galicia
Teresa María Gutiérrez López
(asinado dixitalmente)

